


# CUADRANTE



VALLE-INCLÁN:


MATERIAIS PARA UNHA BIOGRAFÍA  
MATERIALES PARA UNA BIOGRAFÍA

Nº 0

 Os Amigos  
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa

# CUADRANTE



Revista cultural da  
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

Materiais para unha biografía  
*Materiales para una biografía*

Os Amigos  
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

## CUADRANTE

### *Director:*

Gonzalo Allegue

### *Consello de Redacción:*

Ramón Torrado López

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

José María Leal Bóveda

Francisco Charlín Pérez

Xaquín Núñez Sabarís

### *Secretaria de Redacción:*

Carmen Charlín Pérez

### *Redacción e Administración:*

Casa da Cultura, Vilanova de Arousa.

Apartado de Correos nº 66

### *Secretario de Administración:*

Angel Varela Señoráns

### *Ilustracións:*

Marcela Santórum

### *Imprime:*

Gráficas Salnés, S.L.

*Dep. Legal:* PO-4/2000

*I.S.B.N.:* 84-87709-99-0

*Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados. A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*

## SUMARIO:

*Presentación*.....pax. 3

Manuel Longa Pérez:

*“Nacer y crecer en Vilanova”*.....pax. 4

Gonzalo Allegue:

*“Historia de una casa”*.....pax. 12

Francisco Míguez Carballo:

*“La Vilanova del XIX:*

*una aproximación topográfica”*.....pax. 25

Ramón Torrado e José M<sup>a</sup> Leal:

*“Aspectos socio-económicos da*

*Vilanova de Valle-Inclán”*.....pax. 28

E. R.:

*“El estudiante Valle-Inclán”*.....pax. 36

Víctor Viana:

*“Consideraciones sobre el expediente*

*militar de Valle- Inclán”*.....pax. 42

E. R.:

*“Sobre el matrimonio de*

*Don Ramón”*.....pax. 48

Francisco Charlín Pérez:

*“Onomástica vilanovesa na obra de*

*tema galego de Valle-Inclán”*.....pax. 50

Xaquín Núñez Sabarís:

*“Vilanova de Arousa como fonte de*

*inspiración valleinclaniana”*.....pax. 62



## VILANOVA DE AROUSA COMO FONTE DE INSPIRACIÓN VALLEINCLANIANA

*Xaquín Núñez Sabarís*

Afirma Rilke que “a patria do home é a súa infancia” e así o pon de manifesto Paz Andrade<sup>1</sup> ó glosar a biografía sobre o escritor arouzano, pois se son moitos os escritores que converteron en asunto literario as súas primeiras experiencias vitais, no caso de don Ramón, estas ocupan unha importante parte na súa obra. Malia isto, a miúdo ó adentrarmos na súa obra literaria soemos obviar a impronta que os primeiros anos da súa vida transcorrida en Vilanova de Arousa deixaron na súa literatura, especialmente naqueles textos ubicados nos seus inicios como escritor, xa que non debemos esquecer que algunhas das súas creacións foron datadas nesta vila como acontece co artigo “Viacrucis” ou coa adicatoria a Pedro Seoane, que encabeza o seu primeiro libro *Femeninas*, ó igual có relato “Rosarito” que forma parte desta colección.

De tódolos xeitos, ben é certo que a súa formación literaria comenará en Pontevedra, onde a asistencia ás tertulias celebradas na casa dos irmáns Muruais, daralle a coñecer toda a literatura que nese instante se estaba a facer en Europa, especialmente en Francia, e que marcará decisivamente a súa obra, en especial os textos que integrarán

*Femeninas*. Esta formación consolidaríase posteriormente en Santiago de Compostela, México e Madrid. Non obstante é preciso reiterar toda a débeda que moito do material que achamos na súa creación literaria ten cos anos vividos en Vilanova de Arousa, aspecto este que ocupará o obxectivo central do presente artigo.

Independentemente da polémica suscitada polo nacemento do escritor, conséntase que este se bautizou en Vilanova de Arousa e aí transcorre a súa infancia ata se trasladar coa súa familia a Pontevedra. Neste período de tempo experimentará unha serie de vivencias marcadas polas coordenadas socio-culturais do seu entorno e que converterá en material ficcionable, unha vez que se decide a iniciar o seu labor como literato.<sup>2</sup>

Observar estas correspondencias é a principal pretensión deste traballo. Non obstante é preciso suliñar que aquí non se pretende tanto establecer equivalencias entre feitos e personaxes de ficción con feitos e personaxes reais como observar a pegada que o entorno que viviu na súa infancia (aínda que haberá outros momentos da súa vida onde volta a Vilanova)<sup>3</sup> ten na súa obra. Esta

<sup>1</sup> Valentín Paz-Andrade, *La anunciación de Valle-Inclán*, Editorial Losada, Bos Aires, 1967.

<sup>2</sup> Sen pretender establecer o sempre perigoso parelismo entre entes de ficción e persoas reais, cómpre destacar o recurso utilizado por Valle en algúns dos seus relatos nos que un narrador adulto conta as impresións que sendo neno lle causou a idiosincrasia do mundo popular galego no que se criou.

## A Pedro Seoane

¡Cuánto tiempo que ni nos vemos ni nos escribimos, mi querido Seoane!

Apesar de este aparente olvido, si hoy, cual en aquellos días de locuras quijotescas volviere á necesitar de un amigo —un hombre, era la palabra que nosotros empleábamos entonces— el corazón guiaríame como siempre á tú puerta. Aunque con algunas canas de más, estoy seguro que volveríamos á ser los antiguos camaradas que tantas veces

bebieron juntos en el vaso de la fraternidad estudiantil. Por eso, mi querido Pedro Seoane, al dedicarte este libro, —el primero que escribo,— me siento alegre, como el padre que al bautizar su primogénito, puede ponerle un nombre bien amado.

¡Es tan dulce, en medio del pesimismo que la ciencia de la vida exprime poco á poco en el alma, tener un amigo, y saberlo!...

Ramón del Valle-Inclán.

Villanueva de Arosa, 20 de Abril de 1921.

influencia maniféstase basicamente en dúas das súas obras: os textos que integraron a colección de contos *Jardín Umbrío*<sup>4</sup> e as obras que compoñen a triloxía das Comedias bárbaras, aínda que tamén se pode observar noutras como *Flor de santidad*, *El Embrujado* e *Divinas palabras*.

En *Jardín Umbrío* a propia xustificación dos relatos conéctanos co mundo popular galego. No prólogo da colección, o narrador advírtenos que os contos que alí aparecen son relatos que de neno oíu da boca dunha criada vella da súa avoa,

Micaela la Galana<sup>5</sup>, e que agora reproduce. O feito de que insista en que estes relatos se contaban mentres a narradora fiaba, evócanos o mundo rural galego, ademais de establecer un paralelismo entre a esencia destes relatos coa literatura oral-popular galega tan fecunda en “historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones”.<sup>6</sup>

Do mesmo xeito a temática e ambientación que impregna todos estes relatos é marcadamente galega. Así un dos motivos temáticos son as crenzas máxico-relixiosas tan ligadas a imaxine-

<sup>3</sup> Cfr. Robert Lima, *Valle-Inclán. El teatro de su vida*, Editorial NIGRA IMAXE S.L., Vigo, 1995.

<sup>4</sup> Ó referirme ós textos que compoñen *Jardín Umbrío*, non só me estou a referir ós que foron incluídos na primeira edición, senón tamén ós que se incluírán en sucesivas edicións, incluídas as tituladas *Jardín Novelesco*.

<sup>5</sup> Hai que salientar que este personaxe percorrerá varias das obras, tanto narrativas como teatrais, de Valle-Inclán.

<sup>6</sup> *Jardín Umbrío*. Historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones, Sociedad General de Librería Española, Madrid, 1920.

ría galega que provocan nos personaxes de *Jardín Umbrío* unha simbiose entre o medo e a superstición, e que condicionan os seus comportamentos.<sup>7</sup> Isto implica que moitos dos personaxes están caracterizados, seguindo as crenzas da maioría dos habitantes destes relatos e das cales o narrador participa nese momento, cun aditamento demoníaco como ocorre con Milón de la Arnoya; doña Soledad Amarante, do relato “Del misterio”; don Manuel Bermúdez y Bolaño, de “Mi bisabuelo” e o protagonista de “Mi hermana Antonia”, Máximo Bretal.

En canto á ambientación, a maioría deles están decorados con capelas, rectorais, muiños, pazos, chuva, ventisca, etc. Aspectos todos estes que están cumprimentados cunha toponimia que nos lembra moitos dos lugares do Salnés. Cómpre salientar que non só Valle-Inclán se fai eco desta temática nin desta técnica narrativa xa que é case unha constante en moitos dos escritores galegos que cultivaron o relato corto.

Pero se isto ocorre a nivel xeral, a nivel particular boa parte destas narracións presentan referencias explícitas a personaxes, espazos, costumes que, a bo seguro, Valle-Inclán coñeceu nestes primeiros tempos en Vilanova e nos cales se inspirou á hora de crear estes relatos.

Un bo exemplo disto é Juan

Quinto, o protagonista do conto que leva por título o seu nome, e do cal se di que foi un asaltante de camiños que tiña aterrada toda a terra do Salnés sendo Micaela moza. Nin que dicir ten que é unha constante da literatura galega, escrita neste idioma ou non, a presenza dos asaltantes de camiños tan característicos do mundo rural galego, onde se aproveitaba a dispersión da poboación para face-los asaltos.<sup>8</sup>

Asimesmo no relato “La misa de San Electus” aparece un dos mitos e tabúes que asolaba á poboación galega: o lobo. Tres mozos mordidos por un lobo rabioso buscan esmola para ofrecer unha misa a San Electus para que lle remedie os seus males.<sup>9</sup>


Incluso no relato “El miedo” podemos observar espazos que o propio Valle-Inclán puido percorrer de pequeno, pois é moi probable que se basease na capela que a súa familia tiña no pazo de Andrés para face-la descripción que achamos neste relato.

E finalmente están as panxoliñas que aparecen en “La adoración de los Reyes” e as cantigas populares e satíricas de “Nochebuena”. A procedencia galega destas é indiscutible xa que algunhas nin as traduce ó castelán. Posiblemente se trata de cantigas que don Ramón adquirise tempranamente pois pode que se trate de cánticos populares da vila de Vilanova ou da

<sup>7</sup> É significativo o comportamento do narrador de “Mi hermana Antonia”, que conta de adulto que xa non comparte aquelas crenzas que tanto o aterraron sendo neno.

<sup>8</sup> Noutro relato da colección, “A media noche” insítese neste tópico das incertidumes dos camiños afastados e os asaltantes que habitan neles.

<sup>9</sup> Cómpre salientar que este mesmo tema aparece en *El Embrujado*, só que neste caso non se trata dun lobo senón dun can. É significativo como Valle-Inclán utiliza todo este material en diversos momentos da súa creación, o cal será indicativo de que o consideraba un material moi susceptible de ser ficcionalizado.



comarca de Arousa en xeral.<sup>10</sup>

Finalizado o repaso de Jardín Umbrío é preciso deternos agora cos outros textos que tamén gardan unha relación estreita con esta temática e ambientación galega e que son, como dixemos ó principio, os compoñentes da triloxía das *Comedias Bárbaras*: Águila de blasón (1907), Romance de lobos (1908) e Cara de prata (1923). As tres obras ubícanse nunha vila mariñeira de nome ficticio, Viana do Prior<sup>11</sup>, que ben puidera estar inspirada en cal-

quera dos pobos mariñeiros da ría de Arousa; de feito algunhas das escenas destas obras teatrais trasládanos ó costume que tiñan os chaláns de cruzar o gando en barco cando había feira ó outro lado da ría, cadro que ata hai pouco se podía ver nos gandeiros da ría de Arousa, xa que estes facían uso do transporte marítimo para trasladar a carga do gando cando cruzaban a ría.<sup>12</sup> Estes chaláns xunto cos mariñeiros, muiñeiros e cegos que cantan polas feiras forman unha coral, unha vez máis, inequivocamente galega.

Pero a temática e o tratamento que o autor lle dá a esta nas *Comedias Bárbaras* non é máis que o reflexo da ideoloxía que don Ramón tiña por estes anos amén da súa orixe sociolóxica, xa que cómpre lembrar a orixe fidalga do noso escritor. Isto condicionaralle a súa ideoloxía que por veces se mixturará coa súa pose estética, pois unha das características do modernismo do que Valle-Inclán formou parte, será a reacción contra o utilitarismo burgués triunfante da revolución burguesa do século XIX. Por iso os modernistas opoñerán fronte a isto o seu aristocratism, dandismo e vida bohemia.

Relacionado con esta actitude tamén está o concepto moderno do bárbaro, do ancestral fronte ó concepto decimonónico<sup>13</sup>

<sup>10</sup> Son relatos ademais escritos tempranamente pois “Nochebuena” aparecerá na edición Jardín Novelesco de 1905 e “La adoración de los Reyes”, ademais de formar parte desa mesma edición xa saíra na prensa de Madrid no xornal El Imparcial en 1902.

<sup>11</sup> Ó respecto da toponimia hai un interesante estudio de W. Smither, *El mundo gallego de Valle-Inclán. Estudio de toponimia e indicaciones localizantes en las obras gallegas*; La Coruña, Edicións do Castro, 1986.

<sup>12</sup> No comezo da Escena 6, Xornada II de Águila de blasón faise alusión a este pasaxe.

<sup>13</sup> Por exemplo en escritores decimonónicos como dona Emilia Pardo Bazán en Los pazos de Ulloa, pódese ver como o tratamento do rural ten unhas connotacións moito máis negativas có civismo urbano.

que consideraba o rural como o espacio onde aínda se conservaba a esencia dos valores caducos do antigo réxime e que o movemento burgués e urbano estaba a superar. Pero a modernidade atopa connotacións positivas neste cosmos que foxe e que é o símbolo do orixe mítico, do eterno retorno, dun mundo que remata a pasos galopantes para deixar lugar a outro con leis distintas pero coas mesmas inxusticias. Lembremos que o protagonista das comedias, don Juan Manuel Montenegro, declárase como o último representante dun mundo que se acaba.

Mais á marxe disto, hai que salientar que na época de publicación das dúas primeiras comedias, *Águila de blasón* (1907) e *Romance de lobos* (1908), Valle está no momento álxido da súa ideoloxía tradicionalista, refrendada polas conferencias que eses anos dá nos Círculos Tradicionalistas.

Todo este conglomerado de socioloxía, ideoloxía e estética dános as claves para entender o tratamento que o autor lle dá ás comedias; así o déspota e adúltero don Juan Manuel é presentado como baluarte dun mundo coas súas propias leis, das cales o morgado é o garante de facelas cumprir, fronte ós seus fillos que representan a voracidade dos novos tempos e o derrocamento destas leis consuetudinarias. Son significativas as escenas finais de *Romance de Lobos*, onde o cabaleiro clama xusticia contra a inxusticia que os seus fillos, violadores dos acordos tácitos entre señor e vasallos, cometen contra os marxidados. De feito don Juan Manuel diríxese a estos nos

seguintes términos “Mis verdaderos hijos sois vosotros!” ó cal responden a coro os marxidados na última escena da obra co berro de “¡Era nuestro padre! ¡Era nuestro padre!”

Por outra banda, e afondando no material que Valle-Inclán aproveitara das súas vivencias aousanas, achamos na Escena 6, Xornada III de *Águila de blasón*<sup>14</sup> o ritual dun bautizo pagano que ben puidera estar inspirado na cerimonia que se celebraba antigamente na ponte do río de Ponte Arnelas e que tiña como leis as que se describen nesta escena e que fundamentalmente consistían en que o primeiro que pasase pola ponte cando se ía celebrar o bautizo tiña que ser o padriño ou madriña do recién nacido.

Un feito similar aparece en *Flor de Santidad*, obra que conecta coa temática apuntada en *Jardín Umbrío*, onde se describe na estancia IV o proceso que segue Adegá para sacar do seu corpo o mal de espírito e que está baseado no ritual que aínda hoxe en día se celebra na ermita da Lanzada. Este consiste, como se debuxa no relato, en que unha vez escoitada a misa na ermita, os posesos van ó mar onde son bañados por nove olas que lle sacarán os espíritos malignos.

Hai por tanto un conxunto de clichés literarios ó longo da súa obra e en distintos momentos do seu devir como escritor que permiten apreciar a importancia que todos aqueles elementos que observou, coñeceu e viviu na súa infancia en Vilanova de Arousa tiveron á hora de elaborar os materiais de ficción que poboarán boa parte da súa creación literaria.

<sup>14</sup> Anteriormente este fragmento xa aparecera na prensa como relato, titulado “Un bautizo”. A primeira vez que veu a luz foi no xornal *El Liberal de Madrid*, o 3 de setembro de 1906. A esta publicación seguiríalle unha peregrinación de publicacións desde este mesmo ano ata 1910 pola prensa galega, madrileña e mejicana.









Vilanova de Arousa

## CUADRANTE

*Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos*